

Concurso logotipo


iiiiiiAnimádevos a participar!!!!

Trátase de que os alumnos do IES Soutomaior deseñen o novo logotipo da ANPA.

Creemos que, xa que somos unha Asociación de Nais e Pais de Alumnos, que mellor que sexan os alumnos os que deseñen o logotipo.

**Axúdanos a conseguir o logo para a nosa asociación de nais e pais.
A Xunta Directiva**

Bases Completas do
concurso



BASES CONCURSO LOGOTIPO ANPA FACENDO CAMIÑO.

A ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS Facendo Camiño do I.E.S. Soutomaior convoca o concurso de deseño do seu logotipo, o cal vai dirixido aos alumnos e alumnas do centro, para o que establece as seguintes bases:

BASES:

1. Obxecto. Búscase crear un logotipo destinado a representar a imaxe da asociación en calquera tipo de soporte de difusión, información ou publicidade, como a páxina web, redes sociais ou comunicacións, e que poida ser utilizado en todas as actuacións da ANPA a través de distintas canles e medios á vez que se fomenta a creatividade e participación de todos os alumnos do centro educativo aos que vai dirixido.

2. Participantes. Poderán presentar obras a concurso os/as alumnos/as do centro no presente curso escolar.

3. Tema. O logotipo deberá reflexar principios ou elementos referido ao seguinte:

- A condición de centro educativo.
- As familias.
- A educación.
- Unha Asociación de nais e pais

4. Condicións das Propostas:

- O logotipo deberá ser orixinal, inédito sen infrinxir os dereitos de autor doutras persoas.
- A técnica será libre sempre que sexa posible a súa reprodución dixital e recoméndase a maior resolución posible
- Se se utiliza tipografía non orixinal, deberá constar a descrición da fonte, tamaño.
- Se excluirán os logotipos que conteñan connotacións ofensivas contra persoas ou institucións.
- Os participantes deberán gardar copia do material entregado.
- O único texto que poderá incluír a proposta será “Asociación de Nais e Pais de Alumnos “ANPA Facendo Camiño” ou as súas siglas “ANPA Facendo Camiño”, ”I.E.S. Soutomaior” en dúas versións, galego e castelán.
- O logotipo non estará suxeito a dereitos de autor.
- Tamaño máximo: DIN A4 (tamaño folio)

5. Participación. Terá que ser un traballo individual. Cada participante poderá entregar un único deseño. NON se deberá anotar o nome do participante para evitar a identificación dos debuxos e que iso poida causar calquera tipo de afinidade ou predilección.

- Os deseños enviaranse á dirección de correo electrónico proporcionada en formato foto ou imaxe escaneada. Ademais tamén se poderá deixar unha impresión co nome do participante nun sobre pechado e por fóra o título do traballo, no buzón da ANPA situado na entrada do centro.

6. Prazo Presentación. O prazo máximo para participar e presentar os deseños é o próximo **31 de maio de 2024** ás 00:00 horas. Non se aceptarán deseños despois desta data.

– As propostas enviaranse a este correo:

ies.soutomaior.anpa@gmail.com

- O asunto da mensaxe será: concurso logo ANPA. O corpo da mensaxe será o título do traballo.

7. Xurado. O Xurado estará formado por membros da Xunta Directiva da ANPA e o profesorado da área de plástica. O Xurado recibirá os traballos de maneira anónima e decidirá as propostas admitidas.

Na elección do logotipo valorarase que sexa:

- Sinxelo
- Lexible mesmo en tamaño pequeno.
- Único, singular e identificador do ANPA
- Reproducible en calquera tipo de material
- Distinguible tanto en positivo como en negativo
- Facilmente recordable
- Modificable a escala
- Escaneable

8. Premios. Establécese un único premio, que será entregado ó gañador, o cal consistirá nunha tarxeta regalo valorada en 50€

9. Propiedade intelectual e dereitos de reprodución.

- A propiedade intelectual e dereitos de reprodución cederase á ANPA Facendo Camiño, a cal se reserva todos os dereitos de propiedade, reprodución, distribución e uso.
- A organización resérvase o dereito de modificación do logotipo para optimizalo e adaptalo ás necesidades que poidan xurdir para a súa impresión ou reprodución. Resérvase o dereito para modificar o deseño gañador en función das necesidades, así como a cor, trama e tamaño, para adaptalos con éxito aos diferentes soportes.
- A participación no concurso leva implícito a aceptación destas bases e do fallo do xurado, que será inapelable.
- A partir da presentación dos traballos, a súa propiedade, utilización e dereitos quedarán reservados á ANPA Facendo Camiño . O autor/a de o deseño premiado cederá @gratuitamente os seus dereitos de reprodución e manipulación.

10. Exposición. A ANPA poderá facer uso de todos os debuxos participantes para a organización dunha exposición ao longo do presente curso.